

ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

LOGO DE VER o Real Decreto 363/2024, de 9 de abril, polo que se convocan eleccións de deputados e deputadas ao Parlamento Europeo publicado no BOE nº 93 de 16 de abril de 2024

LOGO DE VER que de acordo co previsto no artigo 26.4 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral (LOREG), corresponde efectuar o sorteo para a designación dos membros das mesas electorais, entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria, e que polo segundo estas previsións, corresponde efectuar o sorteo para a designación dos membros das mesas electorais, entre os días 11 a 15 de maio de 2024..

LOGO DE VER a necesidade de proceder a aprobar inicialmente o orzamento municipal para o ano 2024 que tería que ter entrado en vigor segundo os prazos legais o 1/01/2024 e que procede non demorar o mesmo mais tempo a fin de poder acometer os gastos e ingresos previstos no mesmo. Sendo igualmente necesario proceder a aprobar unha modificación da RPT que esencialmente servirá para aplicar o incremento do complemento específico aprobado polo Estado para os traballadores municipais. Considerándose que non procede a demora de tales asuntos ao pleno Ordinario.

Sendo igualmente necesario proceder a dar conta ao Pleno do Decreto de Alcaldía nº 605/2024 do 25/04 referente á aprobación do proxecto básico e de execución corrixido da senda peonil entre os núcleos de Valverde e Vilarelle (Villaromarís) POS + 2024 – Proxecto complementario.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023. E que o artigo 78.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro permite a celebración de sesións extraordinarias que non cumpran coa periodicidade das sesións ordinarias fixadas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e tendo en conta a necesidade de proceder a aprobar os citados asuntos no prazo mais breve posible non sendo posible a súa demora para o seguinte pleno ordinario. Considerando polo tanto non cabe a demora de tales asuntos para o seguinte pleno ordinario con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 13/05/2024

Hora: 09:30 h. a 1.^a convocatoria e ás 09:30 h. a 2.^a, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1º.- - SORTEO DOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO DO 9 DE XUÑO DE 2024, CONFORME AO ARTIGO 26 DA LOREG.

2º.- Aprobar se procede inicialmente o orzamento municipal para o exercicio 2024. (EXP. 2024/T004/000002).

3º.-Aprobar se procede a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello (EXP. 2024/E004/000001).

4º.-Dación de conta do Decreto de Alcaldía nº 605/2024 do 25/04 referente á aprobación do proxecto básico e de execución corrixido da senda peonil entre os núcleos de Valverde e Vilarelle (Vilarromarís) POS + 2024 – Proxecto complementario.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.oroso.gal/opencms/gl/>) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario do Concello.
Federico Suárez Cancelo.